

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA CELEBRADA O DÍA 3 DE XULLO DE 2015

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Leticia Santos Paz	BNG
CONCELLEIROS/AS:	
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a Coral Ríos Santomé	BNG
D. Abel Pérez Guardado	BNG
D ^a Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D. Aldán Santamarina Corral	BNG
D ^a Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. Salvador Meira Corrales	PS de G-PSOE
D. Ezequiel Fernández Cancelas	PS de G-PSOE
D. José Ferverza Costas	PP
D ^a . María Estela Santomé Freire.	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D. José Manuel Juncal Gallego.	PP
D ^a Rosa Solla Veiga	PP
D ^a Raquel Carro Sequeiros	PP
D. Antonio Sánchez Carneiro	PP
D. Francisco Javier Carro Piñeiro	XM
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García	
AUSENTES:	

En Moaña, o 3 de xullo de 2015, venres, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, a Sra. presidenta declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Dación de contas sobre resolucións da Alcaldía relativas á organización municipal: delegacións, conformación da Xunta de Goberno Local e nomeamento de tenentes de alcalde, e comunicación de constitución dos Grupos Políticos
- 3.- Modificación se procede do Regulamento Orgánico Municipal (ROM)
- 4.- Modificación, se procede, das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para 2015
- 5.- Proposta da Alcaldía sobre composición da Xunta de Goberno do Padroado Beiramar
- 6.- Proposta da Alcaldía sobre representantes municipais nos Consellos Escolares dos centros públicos
- 7.- Proposta da Alcaldía sobre o representante municipal na Mesa Local de Comercio
- 8.- Proposta da Alcaldía sobre o representante municipal nas Xuntas de Compensación.
- 9.- Proposta da Alcaldía sobre o representante municipal no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade

Previo ao inicio do Pleno pide a palabra o **Sr. José Ferverza** quen manifesta que el non mandou retirar o cadro de Castelao, puxo a bandeira de España e o cadro do rei, é pídelle a Sra. alcaldesa que se desculpe polas manifestacións recollidas na prensa.

A **Sra. alcaldesa** indica que xa lle informou o xefe da Policía que a retirada do cadro se fixo antes de que chegase el, e pídelle desculpas.

O **Sr. José Ferverza** pídelle a Sra. alcaldesa o respecto que pediu vostede na súa toma de posesión. Vostede dixo que me chamou por teléfono e non me puxen. Pide respecto, eu entregueille as chaves. Estou a disposición de vostede, o luns a partir das oito da tarde estou a súa disposición. Quería aclararlle iso.

A **Sra. alcaldesa** di que intentou poñerse en contacto a través da miña secretaria.

O Sr. José Fervenza indica que nestes 21 días o notificador púxose en contacto con el, e non trouxo orde de que quería poñerse en contacto. Eu atendín o teléfono.

A Sra. alcaldesa indica que a primeira semana non colleu o teléfono.

O Sr. José Fervenza indica que foi unha falla de respecto.

A Sra. alcaldesa pídelles aos membros do Partido Popular se lle poden dar un lugar en primeira fila para ao Sr. Carro.

Non lle ofrecen sitio ao Sr. Carro.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Sra. presidenta dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á sesión constitutiva que tivo lugar na data do 13 de xuño de 2015, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezasete membros da Corporación presentes, a acta correspondente á sesión constitutiva da data 13 de xuño de 2015.

2.- DACIÓN DE CONTAS SOBRE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVAS Á ORGANIZACIÓN MUNICIPAL: DELEGACIÓN, CONFORMACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, E COMUNICACIÓN DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

A Sra. alcaldesa dá conta das seguintes resolucións:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 249/2015.

De conformidade co previsto nos artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 61.2 e 62.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigos 41.3, 46 e 47 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, correspóndelle ao alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno local.

En virtude desta atribución

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear tenente de alcalde, integrante da Xunta de Goberno local, á seguinte concelleira:

1º Tenente de alcalde: Dª. Marta Freire Riobó.

SEGUNDO.- Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en virtude do previsto no artigo 38 do R.D. 2568/86.

TERCEIRO.- Notifíquese persoalmente aos nomeados, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- En virtude do previsto no artigo 46.1 do antedito R.D. 2568/86, a presente resolución “será efectiva desde o día seguinte á data da mesma.”

Moaña, 24 de xuño de 2015. A alcaldesa, Asdo.: Leticia Santos Paz.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA - NÚM. 250/2015

Os artigos 7, 8 e 9 dos Estatutos do Padroado Municipal Beiramar determinan que o presidente da Xunta de Goberno será designado polo alcalde.

Por motivos de operatividade e correcto funcionamento do organismo autónomo e, no uso das facultades que me confire o artigo 21. 3 da Lei de bases de réxime local e artigos 7, 8 e 9 dos Estatutos do Padroado Municipal “Beiramar”, **RESOLVO:**

1.- DESIGNAR ao concelleiro do Concello de Moaña, don SALVADOR MEIRA CORRALES con DNI núm. 36.174.810L, como PRESIDENTE do Padroado Municipal Beiramar, CIF: P8602091D, así como presidente da Xunta de Goberno local, en delegación desta Alcaldía.

2.- Comunicarlle esta tesolución ao interesado, así como ao Padroado Beiramar.

Moaña, 24 de xuño de 2015

A alcaldesa, Asdo.: Dona Leticia Santos Paz.

“RESOLUCIÓN 251/2015

Composición, atribucións e funcionamento da Xunta de Goberno

O día 13/06/2015 constituíuse en sesión extraordinaria a nova Corporación, como consecuencia das eleccións locais realizadas o día 24 de maio de 2015, procede determinar o novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, dentro do que se atopa a Xunta de Goberno local como órgano de carácter necesario nos concellos que contén cunha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes segundo o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Segundo dispón o artigo 23 da LRBRL, a Xunta de Goberno local estará integrada polo alcalde, que a preside, e por un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo alcalde.

Ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o Alcalde ou lle atribúan as leis.

A delegación interorgánica figura recollida no artigo 13 da Lei 30/92, e no ámbito local nos artigos 21 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 61.3 e 65.2.b) da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e nos artigos 43 e 44 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro.

Na súa virtude, no uso das facultades que a esta Alcaldía lle confiren os artigos 23 de da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación con artigos 43.2, 44, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RESOLVO:

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno local do Concello de Moaña, como órgano colexiado de carácter necesario, quedará integrado por esta Alcaldía-Presidencia, que a presidirá e polos seguintes concelleiros e concelleiras:

- Dona Marta Freire Riobó
- Don Odilo Barreiro Martínez
- Dona Coral Ríos Santomé
- Don Salvador Meira Corrales
- Don Aldán Santamarina Corral

SEGUNDO: A Xunta de Goberno local asumirá as funcións de asistencia e asesoramento a esta Alcaldía que lle atribúen directamente os artigos 23.2 da LRBRL e 53.1 do ROF, así como as que lle atribúan directamente as leis, e por delegación desta Alcaldía asumirá as seguintes atribucións sen prexuízo da súa avocación en calquera momento segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal, e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- A contratación do persoal que precise da constitución de tribunais selectivos.
- A concesión de licenzas urbanísticas, a declaración de caducidade destas licenzas e a remisión de informes urbanísticos a outras administracións. A aprobación das liquidacións correspondentes aos ingresos de dereito público que se deriven do outorgamento de licenzas urbanísticas.
- A concesión de licenzas de apertura e actividade, e a declaración da súa caducidade e aprobación das liquidacións correspondentes aos ingresos de dereito público que se deriven do outorgamento de apertura de establecementos.
- As aprobacións de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- As contratacións e concesións de toda clase, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, os 6.000.000,00 €, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos da súa competencia para a contratación ou concesión destes e estean previstos no presuposto.
- A adxudicación de concesións sobre os bens do Concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial do Concello.
- A aprobación da convocatoria e a resolución de concesión de subvencións outorgadas polo Concello.
- A concesión de autorizacións e permisos da praza de abastos, mercado e venda ambulante.
- A concesión, transmisión ou modificación de licenzas de autoturismo.
- A aprobación de certificacións de obras e subministracións.
- A autorización e disposición de gastos da súa competencia, con excepción dos gastos de persoal. A aprobación de facturas e o recoñecemento das obrigas, excepto nos capítulos I de gastos de persoal, III de xuros e gastos financeiros e IX de pasivos financeiros.
- A aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos.
- A resolución dos expedientes de devolución de fianzas e depósitos.
- A revisión de oficio dos actos nulos ditados por delegación.

TERCEIRO: Nos acordos que se adopten pola Xunta de Goberno local por delegación, deberá facerse constar esta circunstancia e se entenderán ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos.

Non obstante, esta Alcaldía reservase a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación co artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CUARTO: O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF.

QUINTO: Notificar o presente decreto aos/ás concelleiros/as nomeados/as o cal producirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO: Dar conta do presente decreto ao Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 del ROF, para os efectos de que quede ao corrente do seu contido.

SÉTIMO: Convocar sesión constitutiva da Xunta de Goberno local que se realizará na sala de xuntas da Casa do Concello o vindeiro día 29 de xuño ás 16:30 horas.

OITAVO: A Xunta de Goberno local, tras a convocatoria realizada pola Alcaldía, realizará, na sala de xuntas da Casa do Concello, sesión ordinaria cada luns ás dezaseis trinta (16.30) horas, en primeira convocatoria, e, se non existise quórum, unha hora despois, en segunda convocatoria.

Moaña, 24 de xuño de 2015, A alcaldesa Asdo: Dona Leticia Santos Paz.

“RESOLUCIÓN 252/2015

Delegacións de Alcaldía en concelleiros/as

O día 11 de xuño de 2015, constituíse a Corporación Municipal do Concello de Moaña. O artigo 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, (LRBRL), sinalan que o alcalde pode delegar o exercicio

das súas atribucións nos membros da Xunta de Goberno local, e onde esta non exista, nos tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que para cometidos específicos poida realizar a favor de calquera concelleiro/a, aínda que no pertencen a aquela. En termos parecidos, recóllese no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Os artigos 43 e seguintes do R.D. 2568/86, do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), desenvolven a dita delegación.

No uso das ditas atribucións, e co fin de acadar unha maior eficacia na xestión municipal, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Efectuar as seguintes delegacións xenéricas por áreas, nos/as concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno que se relacionan a continuación:

- Delegación de obras e servizos a favor de: dona **Marta Freire Riobó**.
- Delegación de urbanismo e medio ambiente a favor de: don **Odilo Barreiro Martínez**.
- Delegación de promoción económica e turismo a favor de: dona **Coral Ríos Santomé**.
- Delegación de cultura, patrimonio e Padroado Beiramar a favor de: don **Salvador Meira Corrales**.
- Delegación de facenda, ensino e normalización lingüística a favor de: don **Aldán Santamarina Corral**.

A dita delegación abarcar as facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes **non** incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO.- Efectuar, así mesmo, as seguintes delegacións específicas, nos/as concelleiros/as que se relacionan a continuación:

- Delegación de deportes e mocidade a favor de: don **Abel Pérez Guardado**.
- Delegación de participación, transparencia, atención veciñal e mobilidade a favor de: don **Ezequiel Fernández Cancelas**
- Delegación de servizos sociais, igualdade e muller a favor de dona **Araceli Gestido Rodríguez**.

A dita delegación abarcar as facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes **non** incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Nestas delegacións entenderase incluídos os seguintes ámbitos de actuación:

1.- OBRAS E SERVIZOS

- 1.1. Obras que non requiran a redacción de proxecto técnico e poidan executarse polos medios propios do Concello.
- 1.2. Augas, saneamento e depuración.
- 1.3. Conservación e mellora da rede viaria municipal.
- 1.4. Mantemento e ampliación da iluminación pública.
- 1.5. Mantemento, mellora e ampliación de zonas verdes e parques públicos.
- 1.6. Limpeza viaria e de espazos públicos.
- 1.7. Mantemento, mellora e ampliación de parques infantís.
- 1.8. Mantemento de colexios e instalación municipais.
- 1.9. Cemiterios.

2.- URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- 2.1. Planeamento básico (Plan xeral de ordenación municipal).
- 2.2. Planeamento de desenvolvemento das actuais Normas subsidiarias e do PXOM.
- 2.3. Xestión de licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables.
- 2.4. Disciplina urbanística.
- 2.5. Promoción da vivenda protexida.
- 2.6. Obras, infraestruturas e dotacións que requiran a redacción de proxecto técnico e se executen mediante contratación.
- 2.7. Proxectos e programas de ordenación e rexeneración do litoral.
- 2.8. Proxectos e programas de mellora e posta en valor do medio natural.

- 2.9. Proxectos e programas de humanización e rexeneración do ambiente urbano.
- 2.10. Limpeza e mantemento de praias, canles fluviais e espazos naturais.
- 2.11. No caso de necesidade funcional, e para atender os requirimentos da área, contará co persoal de mantemento, mellora e ampliación de zonas verdes, xardíns e testeiras que depende organicamente da área de Obras e Servizos.
- 2.12. Prevención e loita contra incendios forestais, dentro das competencias municipais.
- 2.13. Recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos e residuos especiais de competencia municipal.
- 2.14. Hixiene e salubridade pública.
- 2.15. Proxectos e programas relativos aos sectores económicos vinculados ao mar.

3.- PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO

- 3.1. Xestión da praza de abastos, mercado e venda ambulante.
- 3.2. Relación cos axentes comerciais e promoción do comercio local.
- 3.3. Proxectos de desenvolvemento turístico do concello.
- 3.4. Apoio e promoción do tecido produtivo no concello.

4.- CULTURA, PATRIMONIO E PADROADO BEIRAMAR

- 4.1. Programación cultural.
- 4.2. Relacións cos colectivos e asociación culturais.
- 4.3. Proxectos de dotacións socioculturais.
- 4.4. Bibliotecas e actividades complementarias.
- 4.5. Escolas de música, gaita, teatro, etc.
- 4.6. Velar pola defensa e posta en valor do noso patrimonio.
- 4.7. Programas de formación ocupacional.
- 4.8. Promoción do emprego.
- 4.9. Promoción empresarial.

5.- FACENDA, ENSINO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 5.1. Dirección dos servizos económicos do Concello (Intervención, Tesouraría e Recadación).
- 5.2. Xestión de compras, contratacións e pagos.
- 5.3. Xestión do orzamento municipal.
- 5.4. Relacións coa comunidade educativa.
- 5.5. Programas e proxectos relativos ao ensino.
- 5.6. Atención á Escola Infantil.
- 5.7. Proxectos de dinamización do uso do galego entre a veciñanza.
- 5.8. Asesoramento lingüístico da institución municipal.
- 5.9. Coordinación dos EDLG dos centros de ensino.

6.- DEPORTES E MOCIDADE

- 6.1. Programación deportiva.
- 6.2. Escolas deportivas municipais.
- 6.3. Proxectos de conservación e mellora de infraestruturas deportivas.
- 6.4. Relacións coas sociedades deportivas.
- 6.5. Xestión do Complexo Deportivo do Beque.
- 6.6. Xestión da Casa da Mocidade.
- 6.7. Promoción do asociacionismo e da información á mocidade.
- 6.8. Programación xuvenil.

7.- PARTICIPACIÓN, TRANSPARENCIA, ATENCIÓN VECIÑAL E MOBILIDADE

- 7.1. Impulso dos consellos parroquiais con representación en todos eles.
- 7.2. Aplicación do Regulamento de participación veciñal.
- 7.3. Seguimento de todos os escritos presentados por rexistro no concello.
- 7.4. Actualización da páxina web.
- 7.5. Relación cos colectivos veciñais.
- 7.6. Actualización e supervisión do rexistro de asociación do concello.

8.- SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E MULLER

- 8.1. Programas de intervención social: prevención da exclusión, loita contra a pobreza, educación para a saúde e loita contra as adiccións, inmigración, etc.
- 8.2. Programas de dinamización social e cohesión comunitaria.
- 8.3. Atención ás persoas maiores.
- 8.4. Atención aos colectivos obxecto de discriminación social.

- 8.5. Programas de promoción da igualdade de xéneros.
- 8.6. Ludoteca municipal, servizos á infancia, etc.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 44 do citado R.D. 2568/86, do 28 de novembro (ROF), sen prexuízo da súa inmediata entrada en vigor dende a data en que se dita.

Moaña, 24 de xuño de 2015. A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz, ”

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

3.- MODIFICACIÓN SE PROCEDE DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM)

A Sra. alcaldesa da lectura a súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM)

É necesario modificar determinados artigos do Regulamento orgánico municipal (ROM) vixente. O ROM é un documento que ven rexendo este Concello dende fai vinte anos, e propónse a modificación dos **artigos 9**, sobre locais dos grupos políticos, **10**, sobre persoal dos grupos políticos, **20**, relativo á Xunta de Goberno local, **artigo 23**, relativo ás Comisións Informativas, o **artigo 25** onde se trata da organización das ditas comisións, o **artigo 35**, sobre dedicacións, o 36 que queda sen contido e o **37** sobre remuneración dos concelleiros e concelleiras por asistencias a órganos colexiados, que non sofre modificacións nas súas contías.

É de destacar que no artigo 23 propóñense catro comisións respecto á súa configuración, polo que se fixa, segundo a nova Corporación, unha composición de nove membros, coa distribución: tres concelleiros/as do PP, tres do BNG incluíndo o presidente/a, dous do PSOE, e un de XM. Nomearase un/unha suplente por membro.

Unha vez aprobado inicialmente, estará en exposición pública e presentación de posibles alegacións, posteriormente someterase o texto á aprobación definitiva e publicarase integramente no Boletín da Provincia.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento orgánico municipal (ROM).

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles -contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que os/as interesados/as poidan presentar as reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo.

ANEXO

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOAÑA (ROM)

O presente Regulamento orgánico municipal está composto de nove capítulos, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

CAPÍTULO I: DO REGULAMENTO

ARTIGO 1º.: O presente regulamento dítase en virtude das atribucións que a lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, outorga ás entidades locais e ten por obxecto regular o estatuto dos/as membros da corporación, así como a organización e funcionamento dos órganos básicos e complementarios que nela se establecen.

ARTIGO 2º.: Para todo o non previsto neste regulamento, estarase ao disposto con carácter xeral no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Lei de entidades locais de Galicia e calquera normativa xeral, que poida ser de aplicación.

ARTIGO 3º.: Este regulamento só poderá ser modificado e interpretado polo Pleno da Corporación, en todos e cada un dos seus artigos.

CAPÍTULO II: DOS/DAS CONCELEIROS/AS

ARTIGO 4º.: Todo/a concelleiro/a ten dereito á libre expresión e non poderá ser interrompido/a, salvo que incorra nos seguintes supostos:

- a) Reiteración do exposto, e
- b) Cando non se axuste ao tema que se está a tratar.

ARTIGO 5º.: Todos/as os concelleiros/as teñen dereito ao exame de calquera documentación ou expediente, desde a súa entrada polo Rexistro do Concello, mediante solicitude por escrito diante do secretario xeral, polo que se lle facilitará a súa copia. O/a concelleiro/a será responsable diante do Pleno da Corporación do uso indebido que puidese facer da devandita documentación.

ARTIGO 6º.: Todos/as os/as concelleiros/as, a través de comunicación individual ou a través do/a seu/súa voceiro/a do grupo municipal ao que pertencen, serán convidados/as aos actos oficiais que organice o Concello.

ARTIGO 7º.: Nas sesións, os/as concelleiros/as tratarán de situarse agrupados pola súa pertenza a grupos políticos, constituídos de acordo coa lexislación vixente.

ARTIGO 8º.: De acordo co art. 74.5 da Lei da administración local de Galicia, ningún membro da Corporación poderá integrarse ao longo do mandato nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente. Caso de abandonar o seu grupo, pasa a integrarse no grupo de non adscritos.

ARTIGO 9º.: Aos grupos municipais facilitaráselles o uso das instalacións municipais para o desenvolvemento da súa actividade, así como dun local axeitado. En todo caso, facilitaráselles unhas infraestruturas mínimas de medios materiais, sempre que as condicións o permitan.

ARTIGO 10º.: Os distintos grupos poderán ter persoal propio ao seu servizo, aínda sendo alleo á Corporación, que poderán traballar no seu local, tras a comunicación e autorización da Alcaldía.

CAPÍTULO III: DO PLENO DO CONCELLO

ARTIGO 11º.: O Pleno realizará sesións ordinarias o último xoves de cada mes ás 20:00 horas. Se fose festivo, realizarase o día anterior, sempre e cando sexa hábil. Deberá ser convocado cando menos con dous días hábiles de antelación á súa realización, debendo estar os expedientes completos cos asuntos que haxa que tratar a disposición dos/as concelleiros/as no mesmo prazo. Non obstante, e por causas xustificadas, o/a alcalde/sa poderá convocalo para día distinto do fixado, comunicando esta circunstancia aos/ás voceiros/as.

ARTIGO 12º.: O Pleno da Corporación realizará sesión extraordinaria cando o decida o/a presidente/a ou o soliciten cando menos a cuarta parte do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro/a poida solicitar máis de tres anualmente. O/a alcalde/sa convocará o Pleno nos cinco días seguintes á solicitude e a súa realización non poderá demorarse

por máis de 15 días hábiles desde que fose solicitado, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os/as solicitantes da convocatoria. Os plenos extraordinarios deberán realizarse en día hábil a partir das 20.00 horas, non sendo que medie acordo distinto de todos/as os/as portavoces.

Se o/a presidente/a non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros/as indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do dito prazo, ás 12.00 horas, o que será notificado polo secretario da Corporación a todos os membros desta.

ARTIGO 13º.: As sesións plenarias convocaranse polo menos con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que teñan carácter urxente, caso no que a convocatoria deberá ser ratificada polo Pleno. En todos os casos, remitiráselles aos/ás concelleiros/as a orde do día dos asuntos que se van tratar.

A documentación dos asuntos que se van tratar na orde do día do Pleno estará a disposición dos/as concelleiros/as en Secretaría, e deberá contar co informe previo da Comisión Informativa correspondente, excepto aqueles asuntos urxentes, a urxencia dos cales deberá ser ratificada polo Pleno da Corporación.

ARTIGO 14º.: Na orde do día dos Plenos incluíranse aqueles asuntos ou mocións propostas polos diferentes grupos municipais.

As mocións deberán presentarse con suficiente antelación para ser coñecidas pola Xunta de Portavoces previa convocatoria do Pleno. As preguntas e rogos deberán presentarse por escrito con cinco días de antelación e as urxentes poderán formularse no Pleno para ser contestadas na propia sesión ou por escrito nun prazo de 15 días e con resposta dirixida ao/á concelleiro/a interesado/a.

ARTIGO 15º.: Os concelleiros/as que desempeñen delegacións da Alcaldía deberán render contas da xestión das súas áreas cando así o requira polo menos a cuarta parte dos membros da Corporación. A solicitude de comparecencia será remitida ao/a alcalde/sa con dez días de antelación ao Pleno ordinario, quen a incluírá na orde do día da seguinte sesión ordinaria, notificándoa ao/á concelleiro/a-delegado/a interesado/a cun mínimo de cinco días de antelación.

ARTIGO 16º.: Os plenos poderán interromperse para escoitar a veciñanza (colectivos veciñais) naqueles temas que lles afecten e estean contemplados na orde do día, sempre segundo o disposto no Regulamento municipal de participación veciñal.

ARTIGO 17º.: O/a presidente/a da Corporación fará de moderador/a dos debates, de acordo co presente regulamento.

ARTIGO 18º.: O/a alcalde/sa dará conta das resolucións e decretos que emita no primeiro Pleno ordinario que se realice.

ARTIGO 19º.: No caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a alcalde/sa será substituído/a polos/as tenentes de alcalde, segundo a orde do seu nomeamento.

CAPÍTULO IV: DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ARTIGO 20º.: A Xunta de Goberno local realizará sesión ordinaria todos os luns de cada semana, no horario que determine a propia Comisión. Por circunstancias xustificadas, o/a alcalde/sa poderá dispor que se realice con carácter ordinario en día distinto do habitual. Unha copia da acta dos acordos adoptados, tanto da Xunta de Goberno local coma do Pleno, será entregada os/as concelleiros/as nun prazo máximo de 10 días desde a realización.

ARTIGO 21º.: As preguntas e interpelacións dirixidas á Xunta de Goberno local deberán presentarse por escrito con catro días de antelación para seren incluídas na orde do día.

ARTIGO 22º.: Os asuntos que vaia tratar a Xunta de Goberno local deberán levar o informe da Comisión Informativa correspondente, agás en caso de urxencia ou trámite ordinario, nos que os asuntos poderán pasar directamente á Comisión de Goberno co informe ou proposta do/a delegado/a correspondente, cos informes técnicos preceptivos, dándose conta con posterioridade á Comisión Informativa na primeira reunión que esta realice.

CAPÍTULO V: DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

ARTIGO 23º.: No uso da súa potestade de autoorganización, o Concello de Moaña crea as seguintes comisións informativas:

1.- Comisión de Urbanismo, Medio Ambiente, Promoción Económica e Turismo: realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

2.- Comisión de Obras e Servizos, Patrimonio e Cultura: realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

3.- Comisión Especial de Contas e de Facenda, Persoal, Ensino, Participación e Mobilidade: que funcionará para asuntos relativos a estas competencias e, así mesmo, para aqueles outros que non estean atribuídos a coñecemento doutras comisións. Realizará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

4.- Comisión de Mocidade, Deportes, Servizos Sociais, Igualdade e Muller: realizará sesión os segundos e cuartos martes de cada mes.

ARTIGO 24º.: O/a presidente/a nato/a de todas as comisións é o/a alcalde/sa, que poderá delegar a Presidencia en calquera concelleiro/a, por proposta da Comisión. Poderá tamén designar un/unha vicepresidente/a para substituír o/a presidente/a no caso da súa ausencia.

ARTIGO 25º.: Tendo en conta a participación de todos os grupos municipais e de acordo coa proporcionalidade cada Comisión Informativa estará composta por nove membros (incluído/a o/a presidente/a), correspondéndolle a cada grupo municipal:

- Grupo municipal do PP	3 membros.
- Grupo municipal do BNG	3 membros.
- Grupo municipal do PSdeG-PSOE	2 membros.
- Grupo municipal de XM	1 membro.

Nomearase un/unha suplente por cadanseu membro da Comisión.

Os grupos políticos deberán comunicar, por escrito dirixido ao/á Sr./Sra. alcalde/sa, os membros titulares e suplentes compoñentes de cada Comisión.

As distintas comisións informativas, na primeira reunión que realicen, deberán propoñer un/unha presidente/a de entre os/as seus/súas membros, para a súa designación por esta Alcaldía, que dará conta ao Pleno da Corporación dos ditos nomeamentos.

ARTIGO 26º.: O Pleno da Corporación poderá acordar a formación de comisións informativas especiais para o estudo, informe e consulta daqueles asuntos que pola súa singularidade non se poderían encadrar en ningunha das comisións constituídas, ou as que crea necesarias.

ARTIGO 27º.: Todos/as os/as concelleiros/as poderán asistir con voz e sen voto ás sesións informativas das que non formen parte.

ARTIGO 28º.: De cada sesión das comisións informativas redactarase acta para controlar as asistencias e cumprir co artigo 137 do RD 2568/1986. Nelas recollerase sucintamente os ditames, as votacións se as houberse e as posturas dos distintos grupos políticos cando estes así o desexen facer constar.

ARTIGO 29º: Os grupos municipais poderán establecer variacións respecto ás persoas integrantes que no seu nome pertencen a cada Comisión, comunicándollos por escrito ao/a alcalde/sa que dará conta ao Pleno.

ARTIGO 30º: Os ditames adoptaranse por maioría de votos dos/as membros asistentes, decidindo nos empates o voto de calidade do/a presidente/a.

CAPÍTULO VI: DOS CONSELLOS SECTORIAIS

ARTIGO 31.: A participación cidadá na vida municipal canalizarase, entre outros medios recoñecidos no Regulamento de participación veciñal, a través dos consellos municipais.

ARTIGO 32.: Os consellos municipais estarán presididos/as polo/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue. Formarán parte dos Consellos Municipais concelleiros/as, persoas individuais e representantes de colectivos relacionados coa área de actividade para a que foron creados, da maneira que establezan os seus respectivos estatutos.

ARTIGO 33.: Os consellos municipais reuniranse cunha periodicidade trimestral, convocados polo/a seu/súa presidente/a. Poderán realizar sesións extraordinarias, ben a requirimento do/a seu/súa presidente/a ou por solicitude da cuarta parte das persoas integrantes.

CAPÍTULO VII: DA XUNTA DE VOCEIROS

ARTIGO 34º: A Xunta de Portavoces estará composta polo/a alcalde/sa e os/as voceiros/as de cada grupo municipal. Será convocada polo/a alcalde/sa cando os asuntos que haxa que tratar o requiran, ou por solicitude de dúas das súas persoas integrantes. En calquera caso, convocarase de forma ordinaria para coñecer a orde do día dos plenos, con anterioridade suficiente á súa convocatoria.

CAPÍTULO VIII: DOS DEREITOS ECONÓMICOS DOS/AS MEMBROS DA CORPORACIÓN

ARTIGO 35º: Os/as concelleiros/as que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva percibirán por este concepto unhas retribucións brutas anuais de **35.308,00** euros, distribuídos en 14 pagas, cantidade que se incrementará anualmente de acordo coas determinacións dos Orzamentos Xerais do Estado para a revisión dos salarios dos traballadores ao servizo das administracións públicas. A súa dedicación ao Concello será equivalente ao horario fixado no Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Moaña, computado mensualmente, con actividade presencial en horario de mañá.

O Pleno da Corporación, de acordo coas súas competencias e sen contravir este regulamento, poderá establecer outras dedicacións a tempo parcial, que serán remuneradas de modo proporcional ás anteriores, de acordo coa súa dedicación horaria presencial.

Os/as tenentes de alcalde que por ausencia, enfermidade ou vacante do/a alcalde/sa o/a substitúan, percibirán a retribución que lles corresponda polo tempo efectivo da substitución, sen que sexa compatible co pago de asistencias ás sesións dos órganos colexiados.

ARTIGO 36º: Sen contido.

ARTIGO 37º: Os/as concelleiros/as, agás os que teñan dedicacións exclusivas ou parciais, percibirán 65 euros por cada asistencia a unha sesión plenaria; 24,79 euros por asistencia como vogais a comisións informativas, e padroados. Por asistencia a cada Xunta de Goberno local, percibirán a cantidade de 24,79 euros. O presidente do Padroado Municipal Beiramar percibirá a cantidade de 24,79 euros por cada asistencia ás reunións da Xunta de Goberno do Padroado, que se aboarán a conta do orzamento do organismo autónomo.

Todos os ingresos que perciban os/as concelleiros/as serán netos. As retribucións dos/as concelleiros/as poderán ser revisadas polo Pleno da Corporación ao comezo de cada ano, por proposta da Alcaldía.

ARTIGO 38º.: Os importes devindicados mensualmente por retribucións ou asistencias a todos/as os/as concelleiros/as serán satisfeitas nas mesmas condicións e prazos en que lle sexan aboadas ao persoal funcionario do Concello.

CAPÍTULO IX: DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ARTIGO 39º.: As convocatorias das sesións, ordes do día, mocións, acordos, ditames, e en xeral toda a documentación do Concello que conste nos expedientes, redactaranse no idioma galego.

ARTIGO 40º.: As actas redactaranse en galego, podendo reflectirse en castelán as intervencións dos/as concelleiros/as que empreguen este idioma cando así o soliciten. Nos debates plenarios e dos órganos colexiados, empregarase preferentemente o galego, aínda que tamén poderán usar o castelán os/as concelleiros/as que así o desexen.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado desde a data de aprobación inicial o anterior Regulamento orgánico municipal e cantos acordos anteriores do Concello se opoñan ao determinado polo presente Regulamento orgánico municipal.

En tanto non entre en vigor o novo Regulamento orgánico municipal, será de aplicación exclusiva o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fixándose por acordo plenario o número de comisións informativas, membros destas e réxime de reunións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Moaña, 29 de xuño de 2015.
A alcaldesa, Leticia Santos Paz”

Intervencións:

- Don José Manuel Juncal Gallego: Vou intervir. Non teño présa, cando me di a Sra. alcaldesa que o tempo aprema. Sabemos onde estamos, gañamos as elección e somos a forza máis votada e representamos a 4081 veciños, e a eles representamos. Na súa investidura pediu respecto e en vinte e un días non o tivo.
- A Sr. alcaldesa pide respecto no uso da palabra ante os murmurios.
- Don José Manuel Juncal Gallego: Se vostede non nos respecta a nós, ¿como imos respectala? Tivo unha actitude arrogante por falla de madurez política e de respecto. O seu discurso é similar ao do Sr. Millán. O seu homólogo de Bueu, do seu partido, o Sr. Félix Juncal, non se lle coñecen saídas de ton como a vostede. Pídalle un contrato en prácticas ao Sr. Juncal. En vinte días vai sendo hora de que aterre. Só cambiou un cadro do despacho, un despacho que é do pobo de Moaña, e a bandeira, que espero que non sexa negra.
- Don Leticia Santo Paz: Vaia ao punto da orde do día, xa que non me parece serio. Siga vostede.

- Don José Manuel Juncal Gallego: Isto vaime levar ao ROM. Faltoulle ao respecto aos seus socios de goberno que agachan a cabeza.
- Dona Marta Freire: Teña respecto e educación.
- Don José Manuel Juncal Gallego: O anterior alcalde ofrécelle colaboración. Pídlle que aterre e baixe da nube. Facerse vinte fotos ao día non é traballo do alcalde. Vostede non gañou as eleccións. Moaña non elixiu o nacionalismo, é un pacto de goberno por imposición. Vostede preside porque tres concelleiros do PSOE decidiron que o presida. Non gañou as eleccións, preside grazas ao PSOE. ¿Desde cando o BNG gañou as eleccións con maioría absoluta? Segue gobernando de prestado. Vostede arruinou obras do anterior goberno. Gústánlle máis as cámaras que algún tertuliano do Sálvame.
- Dona Leticia Santos Paz: Falta á verdade.
- Don José Manuel Juncal Gallego: Respecte os votantes doutros partidos. Montou un show para ver como cambiaba un cadro, teña respecto aos cidadáns. Non quería a bandeira de España, pero respecte aos veciños de Moaña. A lei de bandeiras de 1981, léaa. Escapóuselle das man o da bandeira.
- Dona Leticia Santos Paz: Os medios preocupáanse por saber o que facemos, que nós traballamos dende o primeiro día.
- Don José Manuel Juncal Gallego: Imos chegar ao ROM, salvo que me obrigue por imperativo legal. Estou preto, preto del.
- Dona Leticia Santos Paz: Siga coa crónica.
- Don José Manuel Juncal Gallego: Dixo que o feito fora unha *chorrada*, palabra que non existe no dicionario galego. Si no do español. Tivo un lapsus porque antes falaba en castelán, escápaselle a súa lingua nai. Circulou Moaña en toda España para risa e mofa, incluso hai “cagada de la alcaldesa de Moaña”. Sempre con mofa para esta vila. Dixo “é o meu despacho”, pero non o é.
- Dona Leticia Santos Paz: Segundo o artigo 4 do ROM, estase reiterando e non se axusta ao punto da orde do día.
- Don José Manuel Juncal Gallego: Outros aburrían as moscas e falaban. O despacho non é de vostede.
- Dona Leticia Santos Paz: Pase ao punto 3 da orde do día.
- Don José Manuel Juncal Gallego: Esta casa do Concello é froito de moitos moañeses. A proposta do ROM é unha falta de respecto. O artigo 9 sobre as instalacións paréceme unha falta de respecto á soberanía popular. Impide o traballo da oposición, quérennos facer mudos. Desde que se fixo o Concello, había cinco locais para os grupos políticos desde 2003. Entre 2007 e 2011 había catro partidos e todos tiñan local. Entre 2011 e 2015, tres partidos e vostedes teñen local para actividades. Non é ocorrencia de ninguén. Retiráronse cantidades aos grupos porque había xa facilidades desde o Concello. Agora non hai dereito ao papel ou á fotocopiadora. Esa é a súa democracia bolivariana. Queremos as chaves do local que pon PP, outra cousa é unha desculpa. Non é desculpa as necesidades de servizo.
O seu afán ditatorial está no artigo 10, sobre persoal, comunicación e autorización da Alcaldía. Eu ordeno e mando. Antes non era necesaria a autorización para os seus colaboradores. Isto é froito da súa prepotencia e carácter ditatorial.
No artigo 23, comisións informativas, pretenden que sexan nos martes. Este cambio non é operativo porque quere impedir aos veciños asistir. Non se concreta a hora da 2ª comisión.

Vostede quere impedir a participación. Non nos vale os seus argumentos da xunta de portavoces. Non vaian de vacacións pagadas. Teñen que dedicarlles as horas.

➤ Dona Leticia Santos Paz: Nós defendemos ter máis días para poder adicarllos aos consellos sectoriais.

➤ Don José Manuel Juncal Gallego: Queren poñer un tope. Para pedir horas extras. Cambie o artigo 23 para que pasen a ser martes e mércores. O 25 é un atentado contra a democracia. O 25, en relación coa proporcionalidade, vostedes propoñen 3-3-2-1, propón nove membros incrementando dous respecto a antes, que eran sete. Supón un incremento de gasto e resta operatividade. XM debe ter representatividade. Rinse do que votaron nas urnas, os moañeses, e “róbannos” un representante.

➤ Dona Leticia Santos Paz: Está igual que no informe da Secretaría que vostede pediu.

➤ Don José Manuel Juncal Gallego: Retiro “roubar”. Somos o 39,5% dos votos e vostedes o 33% e o PSOE, 19%. Pretendes asignarnos tres representantes. É cuestión das matemáticas que como son vostedes de letras.

➤ Dona Leticia Santos Paz: Eu son licenciada en dirección e administración de empresas podo garantirlle que sei de matemáticas.

➤ Don José Manuel Juncal Gallego: Vulnerar a representación é fraude de lei e dos nosos dereitos. Reduza a oito membros: 3-2-2-1. Isto cumpriría coa proporcionalidade. E tería maioría nas comisións. Tomaremos medidas para garantir a proporcionalidade. Respecto ao artigo 37, comisións informativas. As exclusivas son unha “estafa política”. Antes era unha; en 1995, o BNG e PSOE tiñan dúas exclusivas; en 1999, o PP con maioría absoluta, non se fixo abuso e houbo dúas exclusivas. En 2003, co BNG houbo dúas exclusivas. En 2007, tres exclusivas nunha situación delicada. A subida máis escandalosa do catastrazo, que non foi suficiente e houbo quebra técnica. 3.300.000 pesetas. En 2011, o PP rebaixou as dedicacións a unha e media e foi pioneiro en España de rebaixa. Antes Fervenza cobraba menos de 1.000€ e a tenente de alcalde cobraba 1.000€. Vostedes dicían lindezas e dicían que era un privilexiado; outros teñen 425€. Vostedes agora póñense un soldo de máis de 30.000€. Non contentos cos 31.000 de Millán, vostede sobe máis de 4.000€, 4.234€ sobe. No período 2011-2015 o custo anual foi de 35.372,86€; en total, custou 120.000€. E o seu son 105.924€ cada ano. O que custou o PP catro anos. Máis do triplo. Vai custar máis de 500.000€. 525.000€ en salarios é indigno, vergoñento. É unha estafa política. En Moaña hai moitos parados, lea o periódico, Moitas familias cobra 425€. Só lles interesa levar o soldo a fin de mes. Os que gobernan saquean Moaña. Déronlle a razón aos seus socios de goberno, xa que cargarán a débeda do Concello, tedes que apertar o cinto para encherlles o peto. Haberá máis créditos, pagos... Sairá dos petos dos moañeses. Hai moitas familias cunha miseria ao mes. Esperamos que non asuman isto. Acusaron de populismo o anterior alcalde. Agora as súas tres dedicacións exclusivas son unha fraude política e un disparate. E xustifican este desfalco, este saqueo que é acorde coas súas responsabilidades. Teñen o informe favorable de Intervención, di que hai partida, pero non cartos para pagalos. Está dentro dos límites, pero é unha indignidade. O anterior era un irresponsable. Queren xustificar o inxustificable. É un atraco político, un boicot político a todos os veciños de Moaña. Retire o documento polos custos económicos. Se non o retira, teña sentido común. Hai desempregados, familias e amigos que non teñen nin un euro para un café e teñen que acudir á solidariedade. Hai xente no seu grupo que coñece isto e piden dignidade. Que non se aprobe este documento e se aproba isto, presentaremos as alegacións e iremos aos tribunais. Isto é unha declaración de guerra contra todos os veciños.

➤ Don Francisco Javier Carro Piñeiro: Sempre pensei que esta ía ser unha lexislatura con respecto entre todos cando se fala e entre as asociacións. Pensei que ía ver respecto. No ROM, no artigo 35, poñerse un tremendo soldo neste momento é unha aberración. Hai informe de Tesouraría, pero a Lei do PP permítenos incrementar. Ten que haber honestidade. Solicito que o artigo 35 sexa retirado. Presénteo no próximo pleno modificado e dean leccións de honestidade.

Esperen a que a tesouraría este saneada e terán o noso apoio para que o pobo faga efectivo semellante soldo. Demostren esa valía, saquen o artigo do ROM e propóñao dentro de seis meses ou un ano. Nós imos criticar se o fai mal, como criticaremos o que se fixo mal no anterior goberno. Que as transparencias sexan nítidas. Hai nubarróns por eses soldos. Recapaciten. Respecto á normalización lingüística, somos bilingües. Para os que estamos no mar é difícil non ser bilingües. Pido que as actas sexas bilingües galego-castelán. Cito un parágrafo de Concepción Arenal: *se as leis son malas, retírenas*.

➤ Dona Marta Freire Riobó: Sr. Gallego, sorpréndeme que veña dar leccións de solidariedade. Non se lle priva dun local, van ter local, pero hai traballadoras sociais que o utilizan para atender menores. Vostedes din que ían consultar se hai locais para menores e teñen necesidades do servizo. Non podemos ter local para cada grupo. Se se pode arranxar na planta de arriba, farase. Fala do artigo 10, da autorización. Non fai falta autorización, pero se se lle dá a chave a unha persoa allea, que non é membro do grupo, debe autorizarse por ser alleo. Con respecto ao artigo 23, a proposta do martes, propúxoselles e agora, quéixanse e piden dous días e o di agora. Díxoselle que o comentase e estabamos todos presentes. As comisións serán para a mesma hora unha tras outra.

A súa proposta non é proporcional, o que non teñen no pleno, quéreno ter nas comisións informativas, no período 2007-11 era a mesma representación. Non van dar exemplo de solidariedade, eu vivín situacións que vostede non viviu. Non lle permito leccións de cómo viven as familias, eu vivín situacións durante moito tempo. Hai informe de Intervención, tamén hai informe de Secretaría favorable. E respecto ao galego que cita o Sr. Carro, hai moita lexislación sobre isto e o contradí se é bilingüe.

➤ Don Odilo Barreiro Martínez: Na Xunta de Portavoces estaba vostede de acordo, ¿e que o Sr. Fervenza lle tirou das orellas? Con respecto ao artigo 9, explicóuselle por que se reducían os locais e ofrecéuselles un local común. O Sr. Carro dixo que o usarían puntualmente. E ata hoxe non houbo contraoferta. Os que non sexan membros da corporación que non poidan acceder á información... na lexislatura pasada había persoas que entraban en todas as dependencias. Sobre as comisións informativas non é antidemocrático, antes era así, e ten que reflectir a composición. (Le parte do informe de Secretaría sobre a proporcionalidade e sentenzas do Tribunal Supremo) O límite, segundo a composición numérica do pleno. O que aparece no ROM é acomodación á lexislación vixente. Os martes é porque apostamos pola transparencia. Revitalizamos os consellos sectoriais e necesitamos tres días libres. Así nun día podemos atender dúas comisións. Sobre a lingua do Sr. Carro, as actas está reguladas pola Lei de normalización lingüística, votada pola unanimidade de todos, incluído o PP, que debe ser en galego.

O artigo 35, das dedicacións exclusivas, préstase á demagogia e populismo. Nós somos transparentes. A lexislación ao respecto, aprobada polo PP, o tope máximo é de 50.000€ brutos ao ano e entre 10.000 e 20.000 habitantes di que pode haber ata sete dedicacións exclusivas. Esta non é unha lei que fixemos nós. Non imos asumir os máximos que propón o límite. Nós propoñemos que os nosos salarios queden por debaixo do 70% que establece a lei. O primeiro que fixemos foi reunir o equipo xurídico e técnico, do cal non nos avergoñamos, eran asumibles unha vez que se aseguraron os salarios dos traballadores. A interventora di que a proposta é asumible. Os que non somos empresarios nin traballadores por conta allea entendemos que hai dous principios, por igual traballo, igual salario e 2º: un salario debe estar fixado pola titulación e a responsabilidade. Temos titulación superior e temos unha responsabilidade nun concello de máis de 19.000 habitantes. E vostede, despois de catro anos ¿vainos vulgar? Non podemos permitir o que pasou nestes catro anos, o barato sae caro! O populismo é demagogia, o Sr. Carro está lexitimado para a súa proposta, pero o que escoitas do PP sobre sobresoldos nos medios de comunicación, que nos queren dar leccións, non ten sentido.

➤ Dona Leticia Santos Paz: Votemos.

➤ Don José Manuel Juncal Gallego: Pido a réplica. Teño dereito.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do BNG, PSdeG-

PSOE, e oito votos en contra, os do PP e XM, dun total de dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento orgánico municipal (ROM).

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles -contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, para os efectos de que os/as interesados/as poidan presentar as reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo.

4.- MODIFICACIÓN SE PROCEDE, DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA 2015

A Sra. alcaldesa dá lectura a súa proposta que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA 2015

A consecuencia das modificacións introducidas no Regulamento orgánico municipal relativas aos dereitos económicos dos membros da Corporación, cómpre proceder á modificación das Bases de execución do orzamento municipal nos seus puntos referidos ao mesmo asunto, en concreto a “Bases 62” e “Base 63”, así como aprobar os membros que percibirán as ditas dedicacións. As bases quedarían como segue:

“Base 62.- *Retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial.*

1.-Consonte ao disposto no artigo 36 do Regulamento orgánico do Concello de Moaña, recoñécese a posibilidade de desempeño dos cargos de concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial.

*2.- As retribucións para o ano 2015 para os concelleiros que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ascenden a **35.308,00 euros brutos anuais**, para percibir en catorce pagas iguais de devindicación mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devindicarán o día 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano).*

Base 63.- *Asistencias a sesións de órganos colexiados municipais.*

1.- Todos os concelleiros e concelleiras, agás aquele/as que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais:

- a)Sesións do Pleno da Corporación: 65,00 euros por sesión,*
- b)Sesións da Xunta de Goberno Local: 24,79 euros por sesión.*
- c)Comisións informativas e padroados: 24,79 euros por sesión.*
- d)Presidencia do Padroado Beiramar: 24,79 euros por sesión.*

2.- Para que poida apreciarse a concorrencia efectiva, os concelleiros deberán presentarse no lugar da realización da sesión na hora da súa convocatoria. Transcorridos como máximo vinte minutos desde a hora da convocatoria da sesión, os membros do órgano colexiado que non estean presentes, non devindicarán ao seu favor o dereito ao cobro da asistencia anteriormente regulada.

3.-Para os gastos derivados de desprazamentos extraordinarios ou de longo percorrido, así como para as axudas de custo, os membros corporativos percibirán as contías fixadas para o Grupo 2 nos Anexos do Real decreto 462/2002, do 24 de maio.”

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- *Aprobar a modificación das Bases de execución do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2015, nas súas bases 62 e 63 de acordo coa proposta arriba enunciada.*

2.-*Someter a modificación a información pública mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince (15) días hábiles para atender reclamacións. De non producirse ningunha, considerarase a modificación aprobada, entrando en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincial.*

3.- *Aprobar as seguintes dedicacións exclusivas:*

Alcaldesa: Dona Leticia Santos Paz, cunhas retribucións brutas anuais de 35.308,00 euros, para percibir en catorce pagas.

*Tenente-Alcalde e concelleira delegada e Obras e Servizos: Dona **Marta Freire Riobó**, cunhas retribucións brutas anuais de 35.308,00 euros, para percibir en catorce pagas.*

*Concelleiro-Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente: Don **Odilo Barreiro Martínez**, cunhas retribucións brutas anuais de 35.308,00 euros, para percibir en catorce pagas. As súas retribucións faranse efectivas a partir do 01/09/2015.*

Moaña, 29 de xuño de 2015. A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz. “

Intervencións:

➤ Don José Manuel Juncal Gallego: Esa é unha actitude prepotente, bolivariana. Non teño présa, agora vou facer a réplica sobre o ROM. Hai unha ditadura no Concello de Moaña. (Dirixese a Sra. Freire por alusións, como réplica). Respecto aos locais municipais, vostedes fixeron unha proposta e dixo que a levaba ao seu grupo, que impera a democracia, pero desaparecen os locais e non dixeron que ía incluír esa proposta no ROM e antes tiñan vostedes locais, e antes non existía autorización. E as comisións nos martes dixeron que non era operativo, sobre quedar vostedes en minoría, oito non rompe a proporcionalidade.

➤ Dona Leticia Santos Paz: Cíngase ao punto.

➤ Don José Manuel Juncal Gallego: Respecto á xustificación dos soldos, o informe de Intervención non di o que van facer, é vergoñento, indigno. A proporcionalidade, di o secretario que se debe manter. Xa se encargará a xustiza de dar a proporcionalidade. Facelas os martes non ten transparencia. O salario da alcaldesa, Freire e Odilo parece que o puxo o PP.

➤ Dona Leticia Santos Paz: Eses salarios non os puxo o PP, iso non se dixo.

➤ Don José Manuel Juncal Gallego: Avergoñámonos de vostedes, desta estafa política. Para o gasto, ten que haber ingresos. E non nos dixeron como van xerar ingresos. Non teño présa, é vostede unha asalariada dos veciños de Moaña. Esa lei foi tramitada polo PP que se aprobou no Congreso de España con bandeira de España, esa lei si lles gusta.

➤ Dona Leticia Santos Paz: Está vostede facendo demagogia.

➤ Don Francisco Javier Carro Piñeiro: Represento ao pobo de Moaña. No 4º punto teño dereito á replica. O informe de Tesouraría dá a razón a Odilo, hai marxe ata 50.000€, pero é un máximo, non di o mínimo. Pido respecto porque o votou unha parte do pobo de Moaña. A igual

traballo, igual salario. Se propuxédeses unha cousa intermedia, e dixen seis meses ou máis, se non sodes capaces, ¿ides devolvelos? Eu apoiarei as medidas que sexan para o pobo de Moaña. Pode cobrar 1€ ou 50.000. A partir de aí, ese salario si leva á irresponsabilidade. Eu levo trinta anos como empresario e se teño problemas, págoo eu do meu peto. ¿Hai cartos para facerlle fronte a este gasto? Isto incrementa os gastos. Poden empezar por 15 e se se fan cousas, incrementaríase. Eu levo máis de trinta anos de empresario e trinta e cinco anos cotizados de traballar.

Son críticas baseadas no respecto. Na Xunta de Portavoces, igual Gallego non colleu o fío. Dixo que ía consensualo. Os dous locais eran para Servizos Sociais e outro para menores. Eu pedín un tabique divisorio para dividir o local da oficina do menor. Díxose que non había cartos e se a escola taller o podería facer. Non hai cartos con 35.000€! Síntome moañés e gustaríame que Moaña marcasse un norte, e vai quedar nunha estrela fugaz.

- Don Odilo Barreiro Martínez: A conversa foi neses termos. Eu tamén teño cincuenta anos. O Sr. Gallego debe saber que a Intervención pon ou non reparo.
- Don José Manuel Juncal Gallego: Vostede ampárase no informe de Intervención.
- Don Odilo Barreiro Martínez: Fala do máximo que permite a lei. Vimos con ganas de traballar.
- Don José Manuel Juncal Gallego: ¿Os oito de antes eran vagos e *maleantes*?
- Don Odilo Barreiro Martínez: Se o entenden, entenderano. Se o queren entender...

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor, os do BNG, PSdeG-PSOE, e oito votos en contra, os do PP e XM, dun total de dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan:

1.- Aprobación da modificación das Bases de execución do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2015, nas súas bases 62 e 63 de acordo coa proposta arriba enunciada.

2.- Someter a modificación a información pública mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince (15) días hábiles para atender reclamacións. De non producirse ningunha, considerarase a modificación aprobada, entrando en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincial.

3.- Aprobación das seguintes dedicacións exclusivas:

Alcaldesa: Dona Leticia Santos Paz, cunhas retribucións brutas anuais de **35.308,00** euros, para percibir en catorce pagas.

Tenente-alcalde e concelleira delegada e Obras e Servizos: Dona **Marta Freire Riobó**, cunhas retribucións brutas anuais de **35.308,00** euros, para percibir en catorce pagas.

Concelleiro-Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente: Don **Odilo Barreiro Martínez**, cunhas retribucións brutas anuais de **35.308,00** euros, para percibir en catorce pagas. As súas retribucións faranse efectivas a partir do 01/09/2015.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DO PADROADO BEIRAMAR

A Sra. alcaldesa da lectura a súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONFORMACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DO PADROADO BEIRAMAR E RÉXIME DE REUNIÓNS

Propónse ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte composición da Xunta de Goberno do Padroado Beiramar:

.- XUNTA DE GOBERNO DO PADROADO BEIRAMAR:

PRESIDENTE, por delegación da Alcaldía: D. Salvador Meira Corrales.

VOGAIS: En virtude do previsto no artigo 7 dos Estatutos do Padroado Beiramar, a Xunta de Goberno estará constituída polo/a presidente/a, alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue e como vogais: 1 concelleiro/a representante por cada un dos grupos municipais presentes na Corporación.

Polo tanto, correspóndenlle como vocais:

<i>- Grupo Municipal do PP</i>	<i>1 membro.</i>
<i>- Grupo Municipal do BNG</i>	<i>1 membro.</i>
<i>- Grupo Municipal do PSdeG-PSOE</i>	<i>1 membro.</i>
<i>- Grupo Municipal de XM</i>	<i>1 membro.</i>

Os grupos municipais designarán tamén un suplente que substitúa ao seu representante titular cando este non poida desempeñar as súas funcións por razón xustificada.

Os grupos políticos deberán comunicar por escrito dirixido a Sra. alcaldesa os membros titulares e suplentes compoñentes da Xunta de Goberno do Padroado Beiramar. ”

Moaña, 29 de xuño de 2015. A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor, os do BNG, PSdeG-PSOE e XM, es sete abstencións, as do PP, dun total de dezasete membros que compoñen a Corporación, acordan:

A seguinte composición da Xunta de Goberno do Padroado Beiramar:

PRESIDENTE, por delegación da Alcaldía: D. Salvador Meira Corrales.

VOGAIS: En virtude do previsto no artigo 7 dos Estatutos do Padroado Beiramar, a Xunta de Goberno estará constituída polo/a presidente/a, alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue e como vogais: 1 concelleiro/a representante por cada un dos grupos municipais presentes na Corporación.

Polo tanto a correspóndenlle como vocais:

- Grupo Municipal do PP	1 membro.
- Grupo Municipal do BNG	1 membro.
- Grupo Municipal do PSdeG-PSOE	1 membro.
- Grupo Municipal de XM	1 membro.

Os grupos municipais designarán tamén un suplente que substitúa ao seu representante titular cando este non poida desempeñar as súas funcións por razón xustificada.

Os grupos políticos deberán comunicar por escrito dirixido a Sra. alcaldesa os membros titulares e suplentes compoñentes da Xunta de Goberno do Padroado Beiramar.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS.

A Sra. alcaldesa dá lectura á súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE MOAÑA

Vista a necesidade de designar novamente representantes do Concello nos consellos escolares dos centros de ensino e oídas as propostas dos distintos grupos municipais, propónse ao Pleno da Corporación o nomeamento dos seguintes concelleiros/as:

-CEIP DE DOMAIO:	PP
-CEIP DA GUÍA:	BNG
-CEIP DE REIBÓN:	PP
-CEIP DE SEARA:	BNG
-CEIP DE QUINTELA:	PP
-CEIP DE ABELENDO:	BNG
-CEIP DE TIRÁN:	BNG
-EEI DE VERDUCEDO:	PSdeG-PSOE
-EEI DO REAL:	PSdeG-PSOE
-IES AS BARXAS:	XM
-IES A PARALAIA:	BNG

Moaña, 29 de xuño de 2015.

A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz. “

Intervencións:

➤ Don José Manuel Juncal: fíxemos un Consello Escolar Municipal e esa constitución non se pode levar a cabo e deben traela ao Pleno da Corporación.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezaseis membros presentes, que compoñen a Corporación, acordan:

Nomear os seguintes membros representantes do Concello nos consellos escolares de ensino:

-CEIP DE DOMAIO:	PP
-CEIP DA GUÍA:	BNG
-CEIP DE REIBÓN:	PP
-CEIP DE SEARA:	BNG
-CEIP DE QUINTELA:	PP
-CEIP DE ABELENDO:	BNG
-CEIP DE TIRÁN:	BNG
-EEI DE VERDUCEDO:	PSdeG-PSOE
-EEI DO REAL:	PSdeG-PSOE
-IES AS BARXAS:	XM
-IES A PARALAIA:	BNG

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O REPRESENTANTE MUNICIPAL NA MESA LOCAL DE COMERCIO

A Sra. alcaldesa dá lectura á súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA MESA LOCAL DE COMERCIO

A Consellería de Economía e Industria remitiu ao Concello requirimento para a constitución, por parte do Concello, da mesa local de comercio.

O artigo 21º da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia establece que en cada concello existirá unha Mesa Local do Comercio, que actuará como órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a Administración local e os axentes representativos do sector comercial. Formarán parte da Mesa Local do Comercio unha persoa representante de cada unha das asociacións locais de persoas comerciantes e de persoas consumidoras existentes no respectivo concello e igual número de representantes da Administración local, así como unha persoa representante da Administración autonómica, esta última con carácter voluntario. Exercerá a secretaría a persoa designada para o efecto pola Administración local.

Na actualidade, a Mesa local de Comercio de Moaña, está representada por catro asociacións, a Asociación Profesional da Praza Abastos Moaña, ACIMO, a Asociación de Vendedores Ambulantes do Morrazo, e a Asociación de Mulleres de Moaña. Polo tanto, correspóndelles ao Concello designar catro representantes da Administración local.

Sendo necesario proceder ao nomeamento de dous representantes municipais para equiparar o número de membros na Mesa das entidades asociativas de comerciantes e usuarios, propónselle ao Pleno, previo á constitución da Mesa, a adopción do seguinte ACORDO:

- Designar como representantes municipais na Mesa Local de Comercio a concelleira Coral Ríos Santomé delegando a alcaldesa a Presidencia da Mesa e un concelleiro do PP, un do PSdeG-PSOE e un de Coalición Independente por Moaña (XM) e ao secretario do Concello como secretario da Mesa.”

Moaña, 29 de xuño de 2015. A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes, que compoñen a Corporación, acordan:

- Designar como representantes municipais na Mesa Local de Comercio a concelleira Coral Ríos Santomé delegando a alcaldesa a Presidencia da Mesa e un concelleiro do PP, un do PSdeG-PSOE e un de Coalición Independente por Moaña (XM) e ao secretario do Concello coma secretario da Mesa.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O REPRESENTANTE MUNICIPAL NAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN

A Sra. alcaldesa dá lectura á súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN DOS PLANS PARCIAIS O ROSAL-SUR, A-7 DE DOMAIO, A XUNQUEIRA A-II, MONTE DO CON E OUTRAS.

Sendo necesario proceder á renovación na representación municipal nas distintas xuntas de compensación que desenvolven ámbitos de solo urbanizable no Concello de Moaña, propónse ao Pleno da Corporación, conforme ao artigo 22.2, letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a adopción do seguinte

ACORDO:

Designar como representante municipal nas Xuntas de Compensación correspondentes aos

ámbitos de solo urbanizable O Rosal-Sur, A-7 de Domaio, A Xunqueira A-II, Monte do Con e outras ao concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente don Odilo Barreiro Martínez.”

Moaña, 29 de xuño de 2015. A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes, que compoñen a Corporación, acordan:

Designar como representante municipal nas xuntas de compensación correspondentes aos ámbitos de solo urbanizable O Rosal-Sur, A-7 de Domaio, A Xunqueira A-II, Monte do Con e outras ao concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente don Odilo Barreiro Martínez.

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O REPRESENTANTE MUNICIPAL NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE

A Sra. alcaldesa dá lectura á súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE.

Vista a necesidade de designar un novo representante do Concello de Moaña no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Designar a Dona Araceli Gestido Rodríguez como representante do Concello de Moaña no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

2.-Trasladar o presente acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.”

Moaña, 29 de xuño de 2015. A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes, que compoñen a Corporación, acordan:

1.- Designar a Dona Araceli Gestido Rodríguez como representante do Concello de Moaña no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

2.-Trasladar o presente acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

ROGOS E PREGUNTAS

Aínda que se trata dun pleno extraordinario, a Sra. alcaldesa permíte rogos e preguntas.

Intervencións:

- Unha veciña pregunta polos baños das praias, que son para homes e mulleres, pero para minusválidos?
- Don Odilo Barreiro Martínez: Agradézolle a Jorge Santomé que fose o único que se achegou para dicirnos os temas urxentes. A concelleira saínte de medio ambiente non compareceu. Tivemos que facelo correndo e dentro dos orzamentos eran o máis económicos. E aceptamos porque era a mellor ofeerta, limpan diariamente e repoñen o papel e panos de man. Agora só se pode facer no Con, onde si hai sanitarios para persoas con mobilidade reducida. Os orzamentos son de 2011 e estamos en 2015.

- Don Jorge Santomé Gestido: Agradézoche as túas palabras, son un home do deporte, non fixen como a corporación anterior e interésame o deporte, por iso falei con Abel, porque me interesa o deporte.
- Don Francisco Javier Carro Piñeiro: Non había rogos e preguntas, díxome o secretario, pero xa que me dades a oportunidade, cando un neno xoga cunha Play Station, e pide un exercicio mental para un discapacitado ou unha cadeira dun neno, todos os paseos incumpren a lexislación anterior. Nós somos un grupo atípico. Se unha persoa discapacitada se quere incorporar, ten que ir pola estrada. As prazas de minusválidos teñen que ter acceso ao paseo. Están mal deseñadas os aparcamentos de minusválidos. Tamén para unha nai cunha cadeira para bebés, hai unha barreira de sebes. É necesario un escape con rampla para o paseo.
Tamén respecto a Aqualia, de vez en cando que se controlen os aliviadoiros, hai que controlalos e non aliviar.
- Don Ezequiel Fernández Cancelas: Recóllolle a idea e revisarei as prazas de discapacitados.

E non tendo outros asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa acorda rematar a sesión ás 22:30 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. alcalde-presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº. e prace
A alcaldesa

O secretario

Asdo.: Leticia Santos Paz

Asdo.: Adamantino Barreiro García